

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 15-04-2025
ata a día 02-05-2025
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXANCIA



SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 11 DE ABRIL DE 2025 RELATIVO Á CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO ANEXO II INCLUÍDO NAS BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL DE "PERSOAL DE APOIO Á COORDINACIÓN DE PROXECTO", QUE PRESTARÁN SERVIZOS EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL VINCULADOS/AS AO PROGRAMA EUROPEO: "RETO RURAL DIGITAL", PARA PROXECTOS DE CAPACITACIÓN DIXITAL NO MEDIO RURAL, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, PROXECTO: "Y PARA DIGITALIZARSE LUGO".

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 11 de abril de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo que se reproduce de xeito literal:

"Por acordo da Xunta de Goberno de data 21.03.2025, apróbase a convocatoria e as bases que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración dunha listaxe de emprego para prestar servizos laborais temporais na Deputación Provincial de Lugo como "Persoal de apoio á coordinación de proxecto", grupo C - subgrupo C1, vinculada ao Programa Europeo: "RETO RURAL DIGITAL", para proxectos de capacitación dixital no medio Rural, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (inversión C19.11. Competencias dixitais transversais, do compoñente 19, Plan Nacional de Capacidades Dixitais (digital sKills)), proxecto: "Y PARA DIGITALIZARSE LUGO", cuxo sistema de selección sexa o concurso.

Producíndose erro material no punto 2 do Anexo II - Baremo de Méritos, titulacións académicas oficiais e máster universitario propio, no relativo á titulación académica esixida, e considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que textualmente di: "As Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais de feito o aritméticos, existentes nos seus actos", propónse á Xunta de Goberno que proceda a súa corrección do seguinte xeito:

1º.- Onde textualmente di:

"2. TITULACIÓNS ACADÉMICAS OFICIAIS E MÁSTER UNIVERSITARIO PROPIO. A puntuación máxima deste apartado é de 5 puntos.

Titulación académica esixida: titulación da rama social e xurídica, con preferencia Grao en Ciencias Empresariais, Grao en Relacións laborais e Recursos Humanos, Grao en Administración e dirección de empresas ou similar."

2º.- Debe dicir:

"2. TITULACIÓNS ACADÉMICAS OFICIAIS E MÁSTER UNIVERSITARIO PROPIO. A puntuación máxima deste apartado é de 5 puntos.

Titulación académica esixida: Bacharelato, Técnico/a (FP Medio), FP II Grao ou equivalente."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita."

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

Lugo, 14 de abril de 2025.- O SECRETARIO XERAL, P.S, a secretaria-interventora do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, Montserrat Conde López.

R. 1009

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 15-04-2025
ata a día 02-05-2025
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

